



# CONCELLO DE RAMIRÁS

NIF : P3206900 G

Tf. : 988 491 523

Fax : 988 478 604

E-mail : [concello.ramiras@eidolocal.es](mailto:concello.ramiras@eidolocal.es)

Picouto, s/n - 32810 – Ramirás – Ourense

## TABOLEIRO DE EDICTOS

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL DATA DE REALIZACIÓN DAS PROBAS DE SELECCIÓN.

Vistas as propostas de membros realizadas polos Organismos correspondentes que deben formar parte do Tribunal que realizará a selección para a contratación laboral temporal dun xefe de brigada, un peón- condutor e tres peóns forestais en el Concello de Ramirás, de conformidade coas bases aprobadas na data 29/06/2023, publicada a convocatoria no BOP de Ourense do 4 de xullo de 2023, e en uso das miñas atribucións,

#### **RESOLVO**

**PRIMEIRO.** Designar como membros do Tribunal que xulgará as correspondentes probas de selección a:

<b>Cargo</b>	<b>Identidade</b>
Presidente	José Luis Alvarez González, axente forestal
Vogal 1	Juan Rubén Pardo Cid, axente ambiental
Vogal 2	María Benita Alvarez González, asistente social da Mancomunidade terra de Celanova
Vogal 3	José Luis Rodríguez Ortega, operario de parques e xardíns do Concello de Celanova
Secretario/a	CONCEPCIÓN CARBAJO LOSADA, Secretaria - Interventora do Concello da Bola.

**SEGUNDO.** Convocar aos aspirantes á realización das seguintes probas de selección:

1. O día 21 de xullo de 2023, ás 9.00 horas terá lugar a Proba física. Terá a cualificación de apto/non apto. Consistirá en camiñar 3.200 m sobre terreo chan cun peso de 11 Kg ás costas nun tempo máximo de 35 minutos. Os aspirantes deberán vir provistos de zapatillas de deporte e dunha mochila cargada co peso antedito. Non está permitido correr durante a realización. Recoméndase levar roupa lixeira transpirable e permítese levar líquidos para





## CONCELLO DE RAMIRÁS

NIF : P3206900 G  
Tf. : 988 491 523  
Fax : 988 478 604  
E-mail : [concello.ramiras@eidolocal.es](mailto:concello.ramiras@eidolocal.es)

Picouto, s/n - 32810 – Ramirás – Ourense

hidratación

2. O día 21 de xullo de 2023, ás 10.00 horas terá lugar a Proba práctica. Sobre manexo de desbrozadora e motoserra, desbrozar e cortar durante media hora , cos cambios necesarios na maquinaria cunha puntuación máxima de 5 puntos.
3. O día 21 de xullo de 2023, ás 10.30 horas terá lugar a Proba teórica. Realizarase unha proba, cunha puntuación máxima de 4 puntos, consistente en desenvolver un exame tipo test con 20 preguntas sobre o seguinte temario:
  - a) Coñecemento do territorio
  - b) A loita contra incendios forestais
  - c) Prevención de riscos laborais nas brigadas de prevención e extinción de incendios forestais.Cada resposta correcta sumará 0,20 puntos.  
Cada resposta errada restará 0,10 puntos
4. O día 21 de xullo de 2023, ás 11.00 horas, os que no acreditaran o coñecemento da lingua galega, mediante o achegamento de como mínimo o certificado Celga 2, realizarán unha proba consistente na tradución dun texto do castelán ao galego, cunha duración máxima de unha hora.

**TERCEIRO.** Notificar a presente resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

**CUARTO.** Publicar o presente acordo no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Ramirás.

A Alcaldesa  
Isabel Gil Álvarez

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Á MARXE**

